

I CONCURSO "FOTOGRAFÍA A METEOROLOXÍA"

Entrega de fotografías
do 21 de decembro
ao 21 de abril
de 2017



BASES

Dentro do PROXECTO METEOESCOLAS, convocamos o I Concurso "Fotografía a meteoroloxía" co obxectivo de que observeades a beleza da natureza.

Ollade o ceo, collede a vosa cámara ou teléfono e capturate os distintos meteoros da vosa contorna!

1º As fotografías deberán amosar os distintos **meteoros propios do noso clima**: nubes, néboa, sarabia, chuvia, neve, arco da vella, treboadas etc.

2º Poderá participar todo o alumnado do centro, dende 4º de infantil ata 6º de primaria.

3º Cada autor só poderá presentar unha fotografía, tomada con cámara ou móbil e que deberá ser impresa en **formato 13x18cm**.

4º As fotografías entregaranse na conserxería do centro **dende o 21 de decembro de 2016 ata o 21 de abril de 2017**.

5º Cada autor entregará a fotografía con dous sobres que proporcionará o centro:

Sobre grande: Conterá a fotografía impresa co pseudónimo do autor/a e o título da fotografía no envés. No sobre escribírase o pseudónimo do autor/a, sen que apareza ningún dato persoal.

Sobre pequeno (que se introducirá no sobre grande): Conterá un papel cos datos persoais do autor/a (nome e apelidos, curso, pseudónimo, título da fotografía).

6º Entre todas as fotografías recibidas o xurado elixirá as tres mellores que recibirán un premio. O **1º premio** para a máis valorada será unha **CÁMARA GO-PRO**.



7º Ao final de curso, con todas as fotografías participantes no concurso farase unha **exposición** sobre a meteoroloxía no centro.

PARTICIPA!!